

## ANEXO II.- Programa das probas selectivas

Tema 1. A Constitución Española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración Pública galega.

Tema 3. A Lei Xeral de Sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións Públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: O sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A estrutura organizativa de xestión integrada: Disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: Réxime de provisión e selección de prazas.

Tema 7. A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: Capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lexislación sobre igualdade de xénero: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública. Os textos legais serán os vixentes á data de publicación no Diario Oficial de Galicia da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

pola que se procede ao nomeamento dos tribunais de cualificación.

Parte específica

Tema 1. Bioética: principios fundamentais: dilemas éticos. Os comités de ética.

Normas legais de ámbito profesional. O segredo profesional. O consentimento informado. As Instrucións Previas. O traballo en equipo. Deber de non abandono.

Tema 2. Epidemioloxía. Conceptos xerais. Aplicacións en atención primaria.

Deseño de estudos clínicos epidemiolóxicos. Medidas de frecuencia, de asociación e de impacto, Epidemioloxía observacional descritiva: estudos de prevalencia.

Epidemioloxía observacional analítica. Estudos de cohortes e de casos e controis.

Epidemioloxía experimental.

Tema 3. Programa de atención á infancia: Control do neno san. Vacinacións

infantís. Patoloxías relacionadas co crecemento e o desenvolvemento psicomotor.

Actividades de prevención e promoción da saúde na infancia e na adolescencia, detección de factores de risco. Prevención de condutas de risco.

Tema 4. Urxencias en pediatría. Choro persistente do lactante. Vómitos e diarrea

na infancia. Febre e convulsións na infancia. Patoloxía respiratoria na infancia.

Maltrato infantil. Atención ao menor non acompañado.

Tema 5. Programa da muller: embarazo, parto, puerperio, detección precoz do

cancro xinecolóxico e de mama. Atención á menopausa. Planificación familiar.

Tema 6. Actividades preventivas no adulto: hábitos de risco, vacinacións, criba de enfermidades crónicas, detección precoz do cancro.

Tema 7. Actividades preventivas no ancián: valoración xeriátrica global,

detección do ancián de risco (fráxil).

Tema 8. Estratexia de atención á cronicidade. A xestión da enfermidade crónica:

abordaxe integral (biolóxica, psicolóxica e social) da cronicidade. Continuidade dos

coidados. Abordaxe multidisciplinar da cronicidade e minusvalidez: papel dos distintos profesionais implicados. Promoción da saúde: estratexias de prevención e atención da cronicidade. Estratexias de prevención de ingresos e reingresos hospitalarios.

Corresponsabilidade, autocoidado e autoprescrición responsable compartida. Paciente experto e paciente activo. Paciente pluripatolóxico e polimedicado. Abordaxe da medicación en pacientes crónicos (criterios start/stop).

Tema 9. Condutas de risco aditivo. Padróns de consumo. Prevención, detección e tratamento de toxicomanías. Tabaquismo. Alcoholismo, fármacos e substancias de consumo non legal. Intoxicacións e síndrome de dependencia.

Tema 10. A saúde mental en atención primaria: actividades preventivas e rehabilitadoras. Ansiedade. Depresión. Manexo e prevención da autólise. Axitación psicomotora, crise psicótica. Cadro de manía e hipomanía. Esquizofrenia. Trastorno bipolar. Trastornos da conduta alimentaria.

Tema 11. Orientación diagnóstica e terapéutica do síndrome febril.

Tema 12. Patoloxía neurolóxica en atención primaria. Diagnóstico diferencial de mareos e cefaleas. Demencias e cadros confusionais. Orientación de tremor, epilepsia, alteracións do nivel de conciencia. Enfermidade de Parkinson. Trastornos do sono. Manexo diagnóstico e terapéutico da parálise facial.

Tema 13. Manexo diagnóstico e terapéutico dos problemas otorrinolaringolóxicos: rinorrea, disfonía, otalxia e otorrea, xordeira e acúfenos e tumores otorrinolaringolóxicos. Odinofaxia.

Tema 14. Atención a situacións urxentes en ORL: epistaxe. Síndrome vertixinosa.

Tema 15. Manexo diagnóstico e terapéutico do paciente con pirose, náuseas, vómitos, refluxo gastroesofáxico. Dispepsia. Diarrea. Melenas e rectorraxia.

Tema 16. Manexo diagnóstico e terapéutico da enfermidade ulcerosa péptica.

Manexo diagnóstico da sospeita de patoloxía tumoral no aparato dixestivo.

Tema 17. Atención ao paciente con dor abdominal aguda, crónica e recidivante.

Diagnóstico diferencial da dor abdominal.

Tema 18. Patoloxía oftalmolóxica en atención primaria. Diagnóstico diferencial do ollo vermello. Diagnóstico diferencial e manexo da dor ocular. Principios básicos da interpretación dunha retinografía. Urxencias oftalmolóxicas. Glaucoma e cataratas.

Tema 19. Enfermidades hematolóxicas en atención primaria: manexo diagnóstico e control evolutivo das anemias. Manexo da anticoagulación oral: indicación de fármacos e niveis óptimos de anticoagulación segundo patoloxía.

Tema 20. Manexo diagnóstico e control evolutivo das infeccións e alteracións pigmentarias da pel. Lesións eritematosas. Prurito. Lesións dermatolóxicas malignas ou premalignas. Principios básicos da interpretación dunha dermatoscopia.

Tema 21. Patoloxía traumatolóxica en atención primaria: escordaduras, luxacións e manexo inicial das fracturas.

Tema 22. Manexo do paciente con: traumatismo cranioencefálico, traumatismo torácico, traumatismo abdominal. Atención inicial ao paciente politraumatizado.

Tema 23. Patoloxías nefrolóxicas e urolóxicas en atención primaria. Incontinencia.

Disuria. Problemas da función renal e vías urinarias: hematuria e microhematuria.

Proteinuria e microalbuminuria. Síndrome prostática. Cólico renal e urolitiase.

Incontinencia urinaria. Retención urinaria. Disfunción eréctil. Insuficiencia renal leve-moderada. Cancro renal, vesical e prostático.

Tema 24. Manexo diagnóstico e terapéutico das infeccións: pneumonía, tuberculose, VIH, infeccións de transmisión sexual, hepatitis víricas.

Tema 25. A patoloxía cardiovascular en atención primaria: escalas de risco cardiovascular. Controis periódicos e obxectivos terapéuticos segundo risco cardiovascular.

Tema 26. Cardiopatía isquémica. Insuficiencia cardíaca. Arritmias e valvulopatías.

Diagnóstico, tratamento e seguimento en atención primaria.

Tema 27. Interpretación electrocardiográfica en atención primaria.

Tema 28. Abordaxe da hipertensión arterial en atención primaria: diagnóstico, enfoque preventivo, clínico e terapéutico. Uso de antihipertensivos en atención primaria. Medidas hixiénico-dietéticas. Criterios de derivación.

Tema 29. A diabetes en atención primaria: enfoque preventivo, clínico e

Tema 30. Abordaxe da hipercolesterolemia en atención primaria.

Tema 31. Enfermidades cerebrovasculares: diagnóstico, prevención e tratamento en atención primaria. O Código Ictus.

Tema 32. A enfermidade pulmonar obstrutiva crónica en atención primaria: diagnóstico, control e seguimento. Patoloxía do sono.

Tema 33. Control e seguimento da asma en atención primaria.

Tema 34. Enfermidades osteoarticulares e musculoesqueléticas en atención primaria. Cervicalxia, lumbalxia e lumbociatalxia, dorsalxia, ombro doloroso, talalxia. Monoartrite e poliartrite. Osteoporose. Artrose. Infiltracións. Indicacións de fisioterapia do aparato locomotor. Manexo diagnóstico e control evolutivo da dor osteomuscular e articular. Dor crónica non oncolóxica.

Tema 35. Control e seguimento dos trastornos da tiroide en atención primaria.

Obesidade: prevención, complicacións e tratamento. Abordaxe familiar e psicosocial do paciente obeso.

Tema 36. Control e seguimento das hepatopatías crónicas en atención primaria.

Tema 37. Atención ao paciente con necesidade de cuidados paliativos. Problemas psicosociais e de comunicación co paciente e a súa familia. Atención á dor, sedación, agonía e síntomas asociados. Tratamentos. Técnicas instrumentais frecuentes

(manexo de fármacos por vía subcutánea e infusores). Atención domiciliaria.

Tema 38. Atención á parada cardiorrespiratoria con e sen medios. Valoración da

Tema 39. A cirurxía menor en atención primaria: infraestrutura e material básico.

Asepsia e anestesia. Técnicas de cirurxía. Tipos de suturas. Patoloxía dermatolóxica abordada en cirurxía menor dende a atención primaria.

Tema 40. Tratamento de urxencia de feridas, queimaduras, electrocución, conxelación e hidrocución.

Tema 41. Manexo racional das probas diagnósticas en atención primaria. Uso racional do medicamento. Interaccións medicamentosas, fármacos no embarazo e na lactación, fármacos en situacións especiais (medicación compasiva).